



(F\_PPU\_40)

## PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

### HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
11/12/2008	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
24/09/2009	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	227	02/10/2009
31/12/2009	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	14	19/01/2010
24/05/2012	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	124	31/05/2012
07/09/2012	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	216	18/09/2012
28/08/2013	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	205	06/09/2013
28/03/2014	Xunta de Goberno	Aprobación	BOP	83	10/04/2014

### SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- CONCEPTO	3
ARTIGO -3- OBRIGADOS AO PAGO	3
ARTIGO -4- CONTÍA	3
A) AXUDA AO FOGAR BASICA	3
B) AXUDA AO FOGAR- DEPENDENCIA	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN	4
ARTIGO -6- DISPOSICIÓN ADICIONAL	4

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o artigo 9 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

## ARTIGO -2- CONCEPTO

Este prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar.

## ARTIGO -3- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago deste prezo público quen solicite ou se beneficie da prestación.

## ARTIGO -4- CONTÍA

1. Con carácter xeral aplicarase a da tarifa hora establecida no contrato coa empresa prestadora do servizo, coas revisións anuais que no mesmo se establezan.
2. Asimesmo, aplicaranse os coeficientes que seguen, en función da capacidade económica da persoa usuaria, calculados de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e o Regulamento do servizo da axuda no fogar do Concello de Monforte de Lemos.

### A) AXUDA AO FOGAR BASICA

Capacidade económica	Prezo (% do custo)
Ata o 80% do IPREM	Gratuito
Superior ao 80% e ata o 100% do IPREM	10%
Superior ao 100% e ata o 150% do IPREM	30%
Superior ao 150% e ata o 200% do IPREM	40%
Superior ao 200% e ata o 250% do IPREM	60%
Máis do 250% do IPREM	90%

### B) AXUDA AO FOGAR- DEPENDENCIA

B1) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao IPREM, quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo

B2) Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I <= 20 h	Grao II <= 45 h	Grao III <= 70 h	Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I <= 20 h	Grao II <= 45 h	Grao III <= 70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %	300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %	350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %	400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %	450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,87 %	500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %	>500,00 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

B3) Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan

inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

B4) En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora

## ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pagamento do prezo público nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacións practícaranse mensualmente
3. O pagamento efectuarase mediante domiciliación bancaria con cargo na conta corrente que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar

## ARTIGO -6- DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo non previsto neste prezo estarase ao previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos

O presente prezo, aprobouse por Xunta de Goberno Local do día 11 de decembro de 2008 e publicado no BOP de Lugo núm. 291 de 19 de decembro de 2008.

Modificado por Xunta de Goberno Local do día 24 de setembro de 2009 e publicado no BOP de Lugo núm. 227 de 2 de outubro de 2009.

Modificado por Xunta de Goberno Local do día 30 de decembro de 2009 e publicado no BOP de Lugo núm. 14 de 19 de xaneiro de 2010.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 24 de maio de 2012 e publicado no BOP de Lugo núm. 124 de 31 de maio de 2012.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 7 de setembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo núm. 216 de 18 de setembro de 2012.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 28 de agosto de 2013 e publicado no BOP de Lugo núm. 205 de 06 de setembro de 2013.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 28 de marzo de 2014 e publicado no BOP de Lugo núm. 083 de 10 de abril de 2014

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca